

Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.

A Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato ten por obxecto establecer as garantías para unha avaliación do alumnado conforme a criterios obxectivos e o procedemento de reclamación das cualificacións, e das decisións de promoción e titulación.

A Resolución do 17 de xuño 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, establecen os elementos que incluírán as programacións didácticas, na súa disposición adicional segunda.

A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia dispón no seu artigo 10 que as sesións de avaliación final ordinaria do alumnado do segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas na ABAU. Así mesmo, establece que o alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes de cursos anteriores será convocado, de ser o caso, a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU.

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, na súa disposición derradeira primeira que modifica o artigo 10 da Orde do 19 de maio pola que se aproba o calendario escolar para



o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia fixa que deberán realizarse a partir do 23 de xuño de 2022 as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato. Do mesmo xeito, modifícase o artigo 11 para establecer que as probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato se realizarán entre o 20 e o 22 de xuño de 2022.

Co fin de desenvolver a Orde do 2 de marzo de 2021 e establecer o procedemento e prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso de bacharelato, tendo en conta que é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, que permitan a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que o alumno ou alumna coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, esta secretaría xeral dita as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

Primeira. Ámbito de aplicación

Estas instrucións son de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Revisión no centro

O alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, no caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada, poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

O procedemento de revisión no centro será o establecido no artigo 4 da citada Orde do 2 de marzo de 2021.

No caso das revisións de cualificacións de materias de segundo curso de bacharelato ou de cualificacións nas materias pendentes de primeiro curso de bacharelato,



presentaranse por escrito, no centro no que se cursasen, dirixidas á dirección do centro, nos seguintes prazos:

- **Convocatoria ordinaria: 19 e 20 de maio de 2022**
- **Convocatoria extraordinaria: 27 e 28 de xuño de 2022**

Terceira. Reclamacións ante a Xefatura Territorial

O alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, no caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O procedemento de reclamación ante as xefaturas territoriais será o establecido no artigo 5 da citada Orde do 2 de marzo de 2021.

1. Comunicación á Inspección educativa

Rematado o prazo de presentación de reclamacións ante a Xefatura Territorial, a dirección do centro comunicará á persoa inspectora do centro a relación de alumnado que presentou reclamación no centro para elevar á Xefatura Territorial, con indicación da área, materia ou ámbito obxecto de reclamación.

No caso das reclamacións contra as cualificacións de materias de segundo curso de bacharelato ou contra as cualificacións nas materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, esa comunicación enviarase con data límite:

- **Convocatoria ordinaria: 25 de maio de 2022.**
- **Convocatoria extraordinaria: 01 de xullo de 2022.**

2. Confección do expediente de reclamación

Cada expediente de reclamación referirase a unha soa alumna ou a un só alumno e a unha soa área, materia ou ámbito e estará conformado polos seguintes documentos:

- a) Escrito da/o alumna/o, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.



- b) Informe da persoa directora do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións á/ao alumna/o ou ás súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
- c) Copia da reclamación razoada presentada pola/o alumna/o, as súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal ante a dirección do centro.
- d) Informe documentado da/do profesora/profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.
- e) Copia do informe motivado do departamento da materia da que se solicita a revisión.
- f) Copia da comunicación da decisión adoptada da xefatura de estudos.
- g) Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e cualificación da materia.
- h) Copia dos instrumentos de avaliación empregados: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado pola/a devandita/o alumna/o ao longo do curso na materia obxecto da reclamación. No caso de convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos do curso. No caso de convocatoria extraordinaria remitirase só a citada proba.
- i) Copia da acta de avaliación ordinaria ou extraordinaria.

3. Remisión do expediente

Os expedientes de reclamación enviaranse a través da sede electrónica empregando unha solicitude xenérica (código do procedemento PR004A) dirixida á Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade, indicando no asunto relacionado "Reclamacións cualificacións finais".

No caso das reclamacións contra as cualificacións de materias de segundo curso de bacharelato ou contra as cualificacións nas materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, é preciso que a dirección do centro garanta o procedemento oportuno para que os expedientes de reclamación sexan recibidos en tempo e forma pola



Xefatura Territorial para poder emitir unha resolución antes da matrícula na ABAU, e en todo caso o envío dos expedientes realizarase coa data límite que se indica:

- **Convocatoria ordinaria: 26 de maio de 2022.**
- **Convocatoria extraordinaria: 04 de xullo de 2022.**

4. Resolución da Xefatura Territorial

A xefatura territorial correspondente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa, adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación.

No caso das reclamacións contra as cualificacións de materias de segundo curso de bacharelato ou contra as cualificacións nas materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, a resolución da Xefatura Territorial realizarase no prazo máis breve posible e sempre antes do comezo da ABAU, e, no caso de que supoña que o alumnado poida realizar a ABAU, será comunicado á Comisión Interuniversitaria de Galicia.

Contra a resolución da Xefatura Territorial, que esgota a vía administrativa, o interesado ou a interesada, as súas persoas proxenitoras ou os seus representantes legais, poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Cuarta. Días inhábiles

No suposto de que algunha das datas que se establecen nesta circular fose inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

Quinta. Publicidade

As direccións dos centros públicos e privados adoptarán as medidas precisas para que as persoas interesadas coñezan o contido desta circular.

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

Jose Luis Mira Lema





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Xacobeo 21-22

ANEXO I: CALENDARIO RECLAMACIÓN



Calendario de reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e 1º Bacharelato

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión



Calendario reclamacións cualificacións 2º Bacharelato e/ou pendentes de 1º

Convocatoria ordinaria

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	19 e 20 de maio de 2022
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	24 e 25 de maio de 2022
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	25 de maio de 2022
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	26 de maio de 2022

Calendario reclamacións cualificacións 2º Bacharelato e/ou pendentes de 1º

Convocatoria extraordinaria

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	27 e 28 de xuño de 2022
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	30 de xuño e 01 de xullo de 2022
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	01 de xullo de 2022
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	04 de xullo de 2022

